



ACTIVIDADES PARA PÚBLICO INFANTIL E FAMILIAR

AS HERBAS DO SOLSTICIO

Charla e a seguir percorrido pola parroquia de Comesaña no que iremos coñecendo, recoñecendo e apañando as diferentes herbas que na noite de san Xoán déixanse ao relente para espantar meigallos, arredar bruxas e envexas.

A saída será guiada por Marcelo Rodríguez (Faia, Educación Ambiental)

Onde e cando: o 23 de xuño ás 19.30 h no local da asociación veciñal e cultural de Valadares

CONTADAS

PÚBLICO FAMILIAR

AMORIÑOS CONTEI

“Amoriños contei”, unha serie de contos de fontes diferentes no que se destaca a presenza do amor en cada un dos contos que se contan e escoitan no mundo. Pero non falamos só do amor entre as e os namorados, senón o amor entre as amizades, o amor a un fillo e/ou filla, o amor a unhas zapatillas vellas, o amor as cousas... en fin, amores agochados en cada un destes contos, amores esquecidos, atopados, divertidos, mentireiros, altos, pequenos, voadores, mollados... amoriños contados.

Contador: Esteban Acuña (Tarabelos)

**Onde e cando: na Praza da Independencia, o 1 de xullo ás 20 h
en Navia, na praza De Digau, o 3 de xullo ás 20 h
no Calvario (diante do Mercado), o 31 de agosto ás 20 h**



A QUE CHEIRAN OS CONTOS?

Narración ilustrada con monicreques planos, monicreque xigante, de boca, sombras chinesas e outros.

Queredes probar o cheiro que queda dos contos antigos?. Cheiramos dous contos de sempre. Nun deles unha rapaza tan bonita coma unha flor e tan cativa coma unha noz pasa mil e unha aventuras na procura dun mozo. No outro, o gato máis intelixente da terra loita por sacar o seu dono da fame e, ao tempo, salvar o seu pescozo, grazas a boas ideas.

Baseada esta narración nos contos “Polgariña” de Andersen e “O gato con botas” dos irmáns Grimm.

Contador: Esteban Acuña (Tarabelos)

Onde e cando: na Praza da Constitución, o 4 de setembro ás 20 h

BABACONTOS CON CIENCIA

Nesta ocasión, Larraitz Urruzola, utilizando as ferramentas da narración oral tradicionais, vai nos contar relatos escritos por Luísa Martínez, da Unidade de Cultura Científica do CSIC de Galicia e por Martín Pérez, Físico premiado no inspiraciencia no 2012.

“As mellores vacacións do Rei Neptuno” é unha idea orixinal da científica Luisa Martínez, do Instituto de Investigacións Mariñas de Galicia, onde da man do Rei Neptuno, coñeceremos aos habitantes do seu reino, escoitaremos as inquedanzas dos cabaliños, das baleas, dos pingüíns da Antártida e descubriremos a singularidade e diversidade das rías galegas.

“Ondalina” é un relato de Martín Pérez onde nos fala da brillante, fugaz e aventureira *Ondalina* que na súa viaxe polo universo coñece o Burato negro.

Contadora: Larraitz Urruzola

**Onde e cando: no Centro de Interpretación das Illas Atlánticas, o 10 de xullo ás 19.30 h
na praza da Independencia, o 15 de xullo ás 20 h
en Navía (Praza da Lagoa), o 17 de xullo ás 20 h**



MARIÑA. CONTOS NACIDOS NO MAR

Mariña, nacida no mar, foi unha serea galega que viviu entre nós hai moitos anos. Ao seu fillo contáballe lendas e mitos dos seres mariños que poboaban os fondos do mar. Agora sae da auga para compartir todas as súas historias con nós.

Público familiar, a partir de 3 anos

Contadora: Raquel Queizás

**Onde e cando: no Calvario (diante do Mercado), o 6 de xullo ás 20 h
no parque de Castrelos, o 8 de xullo ás 20 h
na praza da Miñoa, o 13 de xullo ás 20 h
no Centro de Interpretación das Illas Atlánticas, o 18 de xullo ás 11 h
na praza da Independencia, o 2 de setembro ás 20 h**

PAN E AUGA? SOPAS!!

Contacontos onde o protagonismo das cantigas de base popular e tradicional, a gastronomía e os enredos e brincadeiras forman parte da narración das historias de avó Casiano. A contada remata cun sinxelo obradoiro de cociña creativa a xeito de brincadeira, pero que sorprende por igual a grandes e a pequenos.

“O meu avó Casiano era listo coma un allo e grande coma un día sen pan e coñecido na redonda por lle saber tirar do xenio aos soberbios, aconsellar ben a quen lle fora preguntar e deleitar aos máis exquisitos padais con receitas de colleita propia e insólitos ingredientes.”

Público familiar, a partir de 3 anos

Contador: Xandobela

**Onde e cando: na praza da Independencia, o 29 de xullo ás 20 h
en Navia (praza De Digau), o 31 de xullo ás 20 h
no Calvario (diante do mercado), o 3 de agosto ás 20 h
no parque de Castrelos, o 26 de agosto ás 20 h
na praza da Constitución, o 28 de agosto ás 20 h**



SABELA E O PAXARO MÁXICO

Unha pequena nena que ten que aturar os caprichos da súa xefa, un paxariño fantástico que sempre está disposto a axudala; un mago malvado, un ogro cheirento, un príncipe desaparecido, uns reis preocupados... e todo iso cheirando a perfume? Non pode ser!

Público familiar

Contador: Esteban Acuña (Tarabelos)

**Onde e cando: no Calvario (diante do mercado), o 20 de xullo ás 20 h
na praza da Miñoa, o 27 de xullo ás 20 h**

XAN DAS ONDAS

Xan é un rapaz ó que lle gusta moito o mar. Unha mañá descobre que non ten ondas e parece que está moi enfermo, así que emprende unha gran aventura adentrándose no máis profundo dos océanos para descubrir por que o mar non ten ondas. Nesta viaxe Xan fará moitas amizades e coñecerá os habitantes dos mares. Conseguirá Xan salvar o mar da súa doenza?

Público familiar.

Contador: Lolo (Barafunda)

Onde e cando: no Centro de Visitantes do Parque das Illas Atlánticas, o 22 de agosto ás 11 h

Contadas do alumnado do Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo (CIOV)

Para crianzas ás 20.00 h
A partir de 3 anos ás 20.30 h

Na praza do Pobo Galego o 22 de xullo

Contadas e actividades por conta de Alba Bermúdez

**Na praza de América o 5 de agosto ás 20.00 h
Na praza da Lagoa (Navia) o 7 de agosto ás 20.00 h**



PÚBLICO ADULTO

DE TORNEIROS A BOTSWANA

O Mar de Vigo é unha porta ao mundo. Unha entrada e saída de xente. Xente de Camos, da Guarda, de Botswana ou de Chandebrito...E as súas historias.

Mulleres maiores dunha aldea que aprenden a andar en bicicleta. Unha historia de amor no torreiro de Chandebrito. Dous amigos en Abelendo entrando de noite nun cemiterio. Un home de Oza dos Ríos nunha taberna do Berbés, falando das vacas que ten no Kalahari cos bosquimanos.

Contador: Brais das Hortas

**Onde e cando: no Calvario (Café Chéster), o 4 de xullo ás 21 h
en “La Vela” (Praia das Fontes), o 18 de xullo ás 21 h
Detrás do MARCO, o 5 de setembro ás 21 h**

AVELINO GONZÁLEZ

**En Navoa, na Adega do galo, o 11 de xullo ás 21.00 h
En Bouzas, na Fanequeira o 1 de agosto ás 21.00 h**

CÁNDIDO PAZÓ

**No Centro de Interpretación das Illas Atlánticas o 7 de agosto ás 2030 h
No café de Catro a catro, o 8 de agosto ás 22.00 h**

SERÁNS REGUEIFEIROS

JOSINHO DA TEIXEIRA E LUIS O'CARUNCHO

En Navia na Adega do galo, o día 17 de xullo ás 21.00 h

**CONCELLERÍA
DE
NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA**

**CONCELLO
DE VIGO**



Centro
de interpretación
da Oralidade de Vigo

JOSINHO DA TEIXEIRA E LUIS O'CARUNCHO

En Bouzas, na Fanequeira, o día 31 de xullo ás 21.00 h

LUIS O'CARUNCHO E BIEITO LOBARIÑAS

Na praza da Independencia o día 21 de agosto ás 21.00 h

REGUEIFA E RAP (*DUPLO R*)

LUIS O'CARUNCHO, BIEITO LOBARIÑAS, DUKE SAM E DJ

No Paseo de Afonso o día 28 de agosto ás 21.00 h